



Concello de Castrolibros

EXPTE:20/2023

BASES

III CONCURSO DE MICRORRELATOS DO CONCELLO DE CASTROLIBROS

PRIMEIRA: INTRODUCCIÓN

Un microrrelato é un texto narrativo con unha extensión mínima, ha de desvelar algo importante, é dicir, contar algo moi pequeno pero que teña un significado moi grande.

Débase evitar as descrições abstractas, as explicacións, os xuízos de valor e nunca tratar de convencer ó lector do que ten que sentir. Contar microrrelatos è pintar con palabras, debuxar as escenas ante os ollos do lector para que este poida comoverse (ou non) con eles.

Pensa distinto, non te conformes, fuxe dos tópicos; un non escribe para contar o que xa contaron outros, queremos que nos sorprenda e nos emocione.

SEGUNDA: OBXECTIVOS

O obxectivo deste concurso é fomentar na poboación o achegamento a escritura en lingua galega así como a súa creatividade.

TERCEIRA: TEMÁTICA

Nesta terceira convocatoria os microrrelatos terán como temática **“ENTRE LUSCO E FUSCO”**

CUARTA: PARTICIPANTES

- Poderán participar todas as persoas que o desexen **a partir dos 12 anos de idade.**
- **Os menores de idade**, no momento de aceptar as presentes bases, deberán estar asistidos por aquel que ostente a súa tutela legal, que deberá outorgar o seu **consentimento expreso, segundo o modelo incluído como Anexo I destas bases.**

Concello de Castrolibros

Plaza do Concello, nº 2, Castrolibros. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 9CSJAZCXGDWDZ7HDK6RGA3DY | Corrección: <https://concellocastrolibros.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 5



Concello de Castroverde

QUINTA: NORMAS SOBRE O ENVÍO DOS MICRORRELATOS.

- O microrrelato deberá remitirse escrito en lingua galega, deberá ser orixinal e inédito (isto é, non debe ser tido publicado en ningún medio ou soporte), non debe ter recibido previamente ningún premio, nin ser simultaneamente presentado noutros concursos.
- O envío realizarase por correo electrónico ao seguinte enderezo: microrrelatos.castroverde@gmail.com
- No correo deberá figurar como asunto: III Concurso de microrrelatos do Concello de Castroverde, e acompañaranse dous documentos (A e B) en formato PDF

Documento A: Nomearase co título do microrrelato e conterá exclusivamente o texto do microrrelato, en letra tipo Arial, 12 puntos, interliñado 1.5, sen sinatura.

Documento B: Nomearase do seguinte xeito: Título do microrrelato e dentro conterá os datos identificadores da persoa autora do texto: Nome e apelidos, copia dixital do NIF, enderezo postal, correo electrónico e teléfono.

Serán excluídos do certame aqueles arquivos que conteñan datos persoais no título dos mesmos.

SEXTA: PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación dos microrrelatos será dende o **17 de abril ata o 17 de maio de 2023.**

Non se admitirá no presente concurso ningún microrrelato enviado fóra de prazo e en xeral calquera outro microrrelato que non cumpra as condicións expresadas nas presentes bases.

SÉTIMA: CRITERIOS DE PUNTUACIÓN, FALLO DO XURADO E PUBLICACIÓN DAS OBRAS

O xurado estará composto por persoas especializadas en materia lingüística e valorará os microrrelatos tendo en conta os seguintes criterios:

- ortografía, gramática e claridade do texto.
- adecuación ó tema proposto.
- a creatividade, orixinalidade e a calidade da obra.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 9CSJAZCXGDWDZ7H7DK6RGA3DY | Corrección: <https://concellocastroverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 5



Concello de Castroverde

Toda decisión do xurado será inapelable, podendo declarar o premio deserto, se tras unha análise minuciosa dos microrrelatos enviados, ningún tivese a calidade suficiente.

O fallo do xurado darase a coñecer unha vez rematado o prazo de corrección dos microrrelatos comunicándollelo aos gañadores mediante chamada telefónica, tamén se publicarán os microrrelatos gañadores xunto co nome e apelidos do seu autor/a na páxina web e nas redes sociais do Concello. Igualmente se fará pública a composición do xurado no momento de emitir o veredicto do concurso.

O xurado resérvase o dereito de non admitir a concurso aqueles microrrelatos que, entre outros, atenten contra os dereitos á intimidade, honra e propia imaxe de terceiros, ou que conteñan connotacións racistas, sexistas e/ou discriminatorias, comentarios obscenos, lascivos, difamatorios ou calquera outros que atenten contra a dignidade de terceiros, contra a moral e/ou contra a orde pública.

OITAVA: PREMIOS E CUANTÍAS

Establécense catro premios os seguintes:


- 1º premio..... 400 €
- 2º premio..... 200 €
- 3º premio..... 100 €
- 4º premio..... 60 €

A contía dos premios anteriores será líquida. O RD 439/2007, do 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, suxeita a retención os premios da contía superior a 300 euros. A porcentaxe de retención regulado no artigo 101.7 da Lei 35/2006 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas, será do 19%.

De acordo co anterior, a contía bruta do primeiro será de 476 euros.

Concello de Castroverde

Plaza do Concello, nº 2, Castroverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011





Concello de Castrolverde

NOVENA: XUSTIFICACIÓN DOS PREMIOS

O premio terá que ser invertido nun ou varios dos establecementos comerciais do concello de Castrolverde, deberá xustificarse entregando nas oficinas do mesmo, o ticket/factura (ou varios) de compra que sumen o importe do premio obtido. Aceptaranse soamente os tickets/facturas que teñan como data/s os quince días seguintes dende que se lles comunicou por vía telefónica aos gañadores que foron premiados. O prazo para xustificar este gasto remata ó día seguinte dos quince días da comunicación (se non se xustifica neste prazo, o premio queda anulado). Unha vez que se xustifique dentro do prazo establecido o Concello aboará á persoa autora do microrrelato (ou representante do menor debidamente acreditado (nai, pai ou titor legal) o importe correspondente do premio obtido a través dunha transferencia ó número de conta bancaria que nos facilite mediante certificación bancaria de ser titular de dita conta bancaria.

O feito de concorrer ao concurso implica a aceptación íntegra das súas bases.

DÉCIMA: PROTECCIÓN DE DATOS.

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RGPD), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castrolverde con dirección en Praza do Concello, nº 2, CP 27120, Castrolverde. (Lugo). Os datos persoais serán empregados para a correcta xestión do Concurso de Microrrelatos 2023 organizados polo Concello. Os seus datos persoais non se cederán, salvo que exista una obriga legal para elo. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimir os seus datos, así como outros dereitos,, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar na oficina da entidade sita na dirección arriba indicada ou ben solicitándoa a través da sede electrónica do Concello: <https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/info.0>

Asdo: María Luisa Freire Cordero
Concelleira Delegada de Servizos Sociais.

Concello de Castrolverde

Plaza do Concello, nº 2, Castrolverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 9CSJAZCXGDWDZ7H7DK6RGA3DY | Corrección: https://concellocastrolverde.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 5



Concello de Casterverde

ANEXO I

MODELO DE AUTORIZACIÓN PARA PARTICIPAR NO II CONCURSO DE MICRORRELATOS DO CONCELLO DE CASTROVERDE

Don/

Dona.....

..... provisto de N.I.F. e teléfono nº como titor/a legal da persoa abaixo nomeada,

Autorizo a, menor de idade a participar no II Concurso de Microrrelatos do Concello de Casterverde, aceptando as bases e condicións do mesmo en todos os seus aspectos así como os plans de difusión, que declaran coñecer e aceptar integramente.

Coa participación no certame declaran, do mesmo xeito, consentir expresamente o tratamento dos datos persoais recollidos por medio do presente documento así como os do/a menor ao que representa legalmente para que poida participar no certame e desfrutar no seu caso dos premios que puideran corresponderlle, así como autorizar a publicar o relato da persoa tutelada na forma que aparece de xeito explícito nas bases.

Asdo.- Titor/a Legal

Asdo.- Autorizado/a

Concello de Casterverde

Plaza do Concello, nº 2, Casterverde. 27120 Lugo. Tfno. 982312080. Fax: 982313011



Cod. Validación: 9CSJAZCXGDWDZ7HDK6RGA3DY | Corrección: <https://concellocasterverde.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 5